

**RESOLUCIÓN da Axencia Galega de Emerxencias pola que se aproban as listas provisionais de persoas admitidas e excluídas á convocatoria do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso de méritos, para o ingreso na categoría 2 do grupo III e na categoría 1 do grupo IV de persoal laboral**

No DOG do 30 de decembro de 2022 publicouse o anuncio da RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso de méritos, para o ingreso na categoría 2 do grupo III e na categoría 1 do grupo IV de persoal laboral.

Consonte á indicación do anuncio, as bases do proceso de selección e os sucesivos anuncios desta convocatoria publícanse na páxina web da Axencia Galega de Emerxencias: <https://www.axega112.gal>

O prazo de presentación de solicitudes, de 20 días hábiles, iniciouse o 16.01.2023, ás 00:00 horas, e rematou o 10.02.2023, ás 23:59:59 horas. Transcorrido este prazo, de acordo co disposto no punto I.4 das bases, cómpre publicar as listas provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas, así como a lista de persoas aspirantes pendentes de acreditar a posesión do título CELGA requirido.

Por todo o exposto, o presidente da Axencia, no exercicio das competencias previstas no artigo 9 do Decreto 223/2007, do 5 de decembro, polo que aproba o estatuto da Axencia Galega de Emerxencias

RESOLVO:

Primeiro. *Aprobación das listas provisionais*

Aprobar e publicar as listas provisionais de aspirantes admitidos (Anexo 1) e excluídos (Anexo 2) a cubrir, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, as prazas de laboral da Axencia Galega de Emerxencias identificadas no Decreto 79/2022, do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia.

- (1) Administrativo/a  
Grupo III Categoría 02
- (2) Auxiliar administrativo/a  
Grupo IV Categoría 01



## Segundo. *Acreditación CELGA*

Anunciar que todas as persoas aspirantes presentadas acreditan estar en posesión do título CELGA requirido nas bases.

## Terceiro. *Período de alegacións*

Abrir un período de alegacións de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do Anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas aspirantes excluídas poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

## Cuarto. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

## Quinto. *Impugnación*

Contra esta Resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o presidente da Axencia Galega da Emerxencias, nos termos previstos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, perante o órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O presidente da Axencia Galega de Emerxencias  
Diego Calvo Pouso  
(*Documento asinado dixitalmente*)



## ANEXO 1: LISTADO PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS

**SISTEMA: CONCURSO**  
**PRAZA: ADMINISTRATIVO/A**

| <b>APELIDOS</b>     | <b>NOME</b> | <b>NIF</b> | <b>CELGA 4</b> |
|---------------------|-------------|------------|----------------|
| Rey Tato            | Mónica      | ***6847 ** | SI             |
| Rivadulla Rivadulla | Berta       | ***6697 ** | SI             |
| Suárez Rodríguez    | Alejandro   | ***7601 ** | SI             |

**SISTEMA CONCURSO**  
**PRAZA: AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A**

| <b>APELIDOS</b>     | <b>NOME</b>      | <b>NIF</b> | <b>CELGA 3</b> |
|---------------------|------------------|------------|----------------|
| Iglesias Domínguez  | Francisco Javier | ***3406 ** | SI             |
| Rivadulla Rivadulla | Berta            | ***6697 ** | SI             |
| Rebolo Rebolo       | Yolanda          | ***6985 ** | SI             |



## ANEXO 2: LISTADO PROVISIONAL DE PERSOAS EXCLUÍDAS

**SISTEMA: CONCURSO**  
**PRAZA: ADMINISTRATIVO/A**

| APELIDOS | NOME | NIF | CELGA 4 |
|----------|------|-----|---------|
|----------|------|-----|---------|

Sen exclusións

**SISTEMA CONCURSO**  
**PRAZA: AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A**

| APELIDOS | NOME | NIF | CELGA 4 |
|----------|------|-----|---------|
|----------|------|-----|---------|

Sen exclusións

